

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, secretario xeral de Educación e Formación Profesional

DECLARO:

Que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional formalizou coa universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue, desde o día 02 de novembro de 2020, un período de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Colaborar no eido da formación permanente do profesorado, dentro do ámbito de aplicación da Orde do 14 de maio de 2013 (DOG do 22 de maio) pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte;

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por tanto se trata dunha actividade única e especial que se imparte de forma exclusiva na USC.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente



convencional.

En atención ao exposto, e para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

